

Redacción

Homenaxe aos Náufragos

Así no lo contaron os escolares, o primeiro contado por unha nena de 8 ou 9 anos, e o segundo por unha de 10 ou 12. Poida que falen do mesmo feito.

UNHA NOITE INESQUECIBLE

Aconteceu fai moitos anos. Un día gris o barco “María do Carme” saíu do porto de Bueu a levantar as nasas como facían todos os días. Enseguida déronse conta de que unha gran treboada se achegaba. Sentiron medo e a piques estiveron de regresar ó peirao pero Luis, o capitán, non quiso porque estaba seguro que as nasas estaban cheas de polbos. Os dous mariñeiros recollían os polbos á presa pois estaban moi asustados. De súpeto Luis perdeu o control do barco, e este achegábase cada vez máis ás rochas. Os tres tripulantes puxéronse os chalecos salvavidas e tiráronse ao mar pero os chalecos eran tan vellos que xa non flotaban. Aínda miraron como o barco afundiábase e estaban seguros que os tres morrerían alí. Luis asegura que tres sereas apareceron e os levaron ata terra. O capitán e un mariñeiro sobreviviron milagrosamente e o outro mariñeiro faleceu.

UNHA HISTORIA ATERRADORA

A mediados do mes de Xaneiro do ano 1.998 saíu, como facía habitualmente, para o mar as 5.00 da mañá o barco “Virgen del Carmen” con base no porto de Bueu. Arredor das seis da mañá comezaron os mariñeiros a largar as nasas para a captura do polbo: Sobre as 7.00 da mañá remata a largada, fondean, e os mariñeiros baldean o barco, comen o bocadillo e, descansan durante dúas horas.

Ás 9.30 comezan os mariñeiros a dar o lance (consiste en izar as nasas e volver a largalas).

Sobre as 10.00 cando estaban largando, o barco arrimouse moito ás pedras, no lugar de Onza. Isto provocou un buraco no casco facendo así, unha vía de auga e o barco vai ao fondo, quedando dous mariñeiros atrapados no barco e outros dous que sabían nadar, quedaron a flote.

Os servizos de emerxencia e salvamento cando chegaron, a un dos homes rescatados intentaron reanimalo pero acabou morrendo uns minutos mais tarde.

